

**Expediente número:** 58/2020

**Procedemento:** Selección de Persoal “LIÑA 3-EMPREGO PARA A CONSERVACIÓN E O FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS”

## DECRETO DE ALCALDÍA

Esta Alcaldía en base as competencias establecidas pola Lei 7/85 Reguladora de Bases do Réxime Local e o artigo 10 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

### Expón

Detectado un erro material na Resolución de Alcaldía de data 28/02/2020, con número 2020-0816 que aproba a convocatoria e as bases para a contratación de persoas desempregadas ao abeiro do plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2020, no punto Segundo.- Borrador Bases Plan Concellos 1 diplomado/a ou grao en turismo, 1 licenciado/a ou grao en medio ambiente, 1 diplomado/a ou grao en administración pública.

Comprobadas as bases, onde se reflicte as categorías para a presentación da ofertas de emprego, onde di

- ... **1 Diplomado/a ou grao en Administración Pública** “Traballo xeral para xestión do Proxecto da Estratexia Dusi Ponteareas, hábitat saudable” conseguida con fondos europeos polo Concello de Ponteareas baixo a coordinación do funcionario deste programa”

Debia dicir

- **1 Diplomado/a ou grao en Administración Pública** “ Traballo xeral para xestión do Proxecto da Estratexia Dusi Ponteareas, hábitat saudable, conseguida con fondos europeos polo Concello de Ponteareas baixo a coordinación do funcionario deste programa, así como Contratación e Administración Pública que dependerá do departamento de Secretaría”

Polo que, ao abeiro do artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Pública as administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Polo que,



## RESOLVO

PRIMEIRO: Emendar o erro mencionados quedando redactado

- **1 Diplomado/a ou grao en Administración Pública** “ Trballo xeral para xestión do Proxecto da Estratexia Dusi Ponteareas, hábitat saudable, conseguida con fondos europeos polo Concello de Ponteareas baixo a coordinación do funcionario deste programa, así como Contratación e Administración Pública que dependerá do departamento de Secretaría”

SEGUNDO: Dar traslado ao departamento encargado da tramitación da subvención para a comunicación a Deputación da modificación da memoria ao abeiro desta Resolución.

TERCEIRO: Publicar esta Resolución no Taboleiro de Anuncios, na Sede Electrónica deste Concello e na Páxina web [www.ponteareas.gal](http://www.ponteareas.gal).

Contra esta resolución que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, artigos 124 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou ben recurso contencioso- administrativo perante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses, segundo o artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

